

Mochilas de esperanza para os refuxiados

O drama dos refuxiados fuxindo en busca dunha vida mellor leva meses en primeira liña da actualidade europea. Un dos países máis solidarios está sendo Eslovenia, en plena ruta dos Balcanes, que recibiu xa a varios miles de persoas. Por iso, a Fundación CUME (Galicia), que traballa en proxectos de cooperación ao desenvolvemento, comezou con Mochilas de esperanza un proxecto máis amplo, para axudar desde España a un dos

campos de refuxiados deste país.

29-03-2016

Son moitas as persoas dispostas a facer algo, a non quedar de brazos cruzados. Con todo, a case total ausencia de refuxiados en España e a complexidade da situación, fan que sexa bastante difícil ofrecer unha axuda eficaz. Por iso Sonsoles Esteve -que é voluntaria de CUME e ten experiencia con outros proxectos- resolveu contactar cun grupo de persoas do Opus Dei en Eslovenia. Este país atópase nunha das zonas máis delicadas -a ruta dos Balcanes-, e a súa situación é aínda máis complexa desde que algúns dos países próximos a Grecia decidiron pechar as súas fronteiras.

Sonsoles propuxo a algunhas persoas da Obra que viven en Eslovenia a posibilidade de poñer en marcha un voluntariado conxunto: alí encargaríanse de visitar algúns campos de refuxiados e facer un estudo das necesidades máis básicas a cubrir e na Fundación CUME comprometéronse a buscar solucións desde España.

O campo de refuxiados de Dobova é un lugar de paso e atópase na fronteira entre Eslovenia e Croacia. A el chegan sirios, iraquíes, paquistaníes... Belén, que vive en Eslovenia, encargouse de contactar cos responsables do lugar e presentarlles o proxecto. Para a súa sorpresa, o primeiro que pediron non foron mantas, roupa ou comida - que entón estaban chegando- senón mochilas e material escolar. Esas mochilas serviríanlles para transportar cousas e, ademais, irían cargadas de cadernos, lapiceiros e

doces, para uns nenos que tiveron que abandonar as súas casas fuxindo da guerra e levan moito tempo sen ir á escola.

Con este primeiro encargo, en Galicia comezou o traballo. Ferrol, A Coruña, Pontevedra, Ourense, Santiago, Lugo... Alí, familias, varias asociacións xuvenís e profesionais de empresas buscaron e encheron mochilas contra o tempo, para que puidesen saír cara a Eslovenia en Nadal. En poucos días recolléronse case 700 unidades con cadernos, lapiceiros de cores, bolígrafos e chocolates e bonecos.

Petro, un voluntario ucraíno, foi recollendo todo coa súa furgoneta e levouno a Vigo, onde está a sé da Fundación. Alí preparouse o envío. Carmen, comentouno no hospital no que traballa e pronto foron chegando mochilas desde os outros servizos á súa oficina. Branca falou coas súas

amigas do colexio e decidiron investir nas mochilas o diñeiro do fin de semana. Unha señora comentouno aos seus veciños, que tamén quixeron comprar material escolar. Algúns nenos tiveron ideas xeniais: Alex quixo escribir unha carta en inglés para o que recibise esa mochila. Outro pensou que nesas terras son moi valorados os dátiles e meteu unha bolsa de agasallo.

“O mesmo día que chegaron as caixas de Galicia fomos levalas a Dobova”-conta Belén. “Era un día chuvioso, con pouca visibilidade. En Dobova, as familias están aloxadas en grandes carpas brancas, onde día tras día esperan un permiso para poder continuar coa súa viaxe cara a Alemaña, Suecia ou outro país europeo. Ao chegar, inscribímonos como voluntarias e explicáronnos onde podíamos repartir as mochilas. Nin sequera tivéramos tempo de abrir as caixas e, ao facelo,

emocionámonos coa cantidade de cousas que había dentro.

Ante nós desfilaron refuxiados de Siria, Iraq, Irán... familias con nenos pequenos e tamén adultos. Caras esgotadas. Sentímonos pagadas coa gratitude de cada un e o sorriso dos nenos, ao recibir a mochila, os bonecos, os doces... Volvemos tres veces máis para repartir todo o que a Fundación Cume enviara.

Coñecemos a un matrimonio sirio que tiña dous fillos e esperaba o terceiro. El era taxista e traballara ata que as bombas continuas fixeron imposible transitar polas rúas. Ela, contable de profesión, non puido seguir co seu traballo, pois había tempo que os negocios pecharan. Venderon a súa casa e todo o que tiñan para vivir en paz noutro país.

Outra moza, profesora de arte, contounos a súa perigosa travesía nun bote cheo de xente que estivo a

piques de afundir. Ía coa súa nai ata Suecia, onde lles esperaba un irmán.

Unha familia, tamén siria, con varios fillos a quen lles demos mochilas alegrouse especialmente ao ler nunha etiqueta escrita a man: “con agarimo de Alex”.

Quizais é unha pinga de auga no deserto, pero o importante é que estas persoas puideron palpar a proximidade e solidariedade de xente que, desde a outra punta de Europa, estalles dicindo que non se esquecen deles”.

Alí onde os gobernos parecen estar atrancados, a axuda das persoas atopa solucións. *Mochilas de esperanza* que é o nome deste proxecto, e só o comezo.

A Fundación Cume enviou 700 mochilas con material escolar para refuxiados en Eslovenia <https://t.co/>

YRk6UN4zQD pic.twitter.com/
ongSiZ2BoG

— TVG (@TVGalicia) 15 de xaneiro de
2016

No prelo

Faro de Vigo Mochilas viguesas para
os refuxiados de Eslovenia.

Faro de Vigo As mochilas enviadas
desde Vigo xa están en Dobova.

El Correo Gallego Mochilas de
esperanza.

.....

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/](https://opusdei.org/gl-es/article/mochilas-de-esperanza-para-os-refuxiados/)
[gl-es/article/mochilas-de-esperanza-](https://opusdei.org/gl-es/article/mochilas-de-esperanza-para-os-refuxiados/)
[para-os-refuxiados/](https://opusdei.org/gl-es/article/mochilas-de-esperanza-para-os-refuxiados/) (22-02-2026)